Y después también una petición, que esta sí que ya es para todas vosotras y vosotros porque a nosotros ya nos va a costar más poder realizarla, pero es que hagáis lo imposible porque esto incluso no solamente continúe, sino que se fortalezca, que las diputaciones cada vez sean más fuertes, que cada vez todo el mundo se dé cuenta de su necesidad, que tengamos en cuenta que. igual que hablamos de la España vaciada. podemos pensar en el medio rural gallego, que ese éxodo que ha ido hacia las ciudades y comarcas vuelva sobre sus pasos, porque la vida en un pueblo verdaderamente es entrañable y es única. Y sobre todo yo diría que lo que ha sobrepasado y sobrevivido –diría yo– a monarquías, a repúblicas, a dictaduras, esos 200 años que nos ven en este momento, que han unido a todos estos concellos de provincias y de Galicia y de toda España, que eso que ha unido el tiempo que no lo rompa un capricho.

Muchas gracias.

(Aplausos)

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sr. Lendoiro. Ten a palabra José Luis Torres Colomer.

Sr. Torres Colomer

Muchas gracias, señor presidente, señoras y señores diputados, excelentísimas e ilustrísimas autoridades, señoras y señores.

En primer lugar, darle las gracias, señor presidente, por tener la oportunidad de estar en este acto y estar con todos los expresidentes que estamos aquí desde esta época democrática.

Yo estuve en esta Diputación doce años, cuatro de vicepresidente, cuatro de presidente y cuatro de portavoz en la oposición. Durante ese tiempo para mí fue un gran honor estar aquí. Estar aquí, conocer todos los servicios que tiene esta Diputación, cómo funcionan, la gran labor que están haciendo servicios como el de Obras, Asistencia a Municipios, el de Cultura, Servicios Sociales, Secretaría General, Tesorería e Intervención... En fin, unos servicios que funcionan de maravilla gracias sobre todo al gran personal que tienen, a ese gran personal, profesional y cualificado, que están haciendo una gran labor, que de alguna forma lo decía usted también señor presidente, y yo añadiría algo más, además con un carácter humano fuerte del personal de esta Diputación. Y yo creo que ese carácter humano viene imbuido a través de los tiempos de esa labor social y humana que hicieron esa casa cuna, esos orfanatos, esos colegios, esos hospitales. De ahí le viene ese carácter humano a todo el personal de esta Diputación.

Por lo tanto, termino ya, señor presidente, gracias por la invitación y, repito, para mí ha sido un gran honor estar en esta casa.

Deputación Provincial da Coruña

(Aplausos)

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Torres Colomer. Ten a palabra Diego Calvo Pouso.

Sr. Calvo Pouso

Buenos días, muchísimas gracias, presidente, a todos los miembros de la Corporación, a los expresidentes y a todos los invitados. Muchas gracias por estar aquí.

Y yo quería compartir, a pesar de ser el último en intervenir y estar de acuerdo con la totalidad de lo que han dicho los expresidentes que han hablado antes que yo, sí quería compartir dos reflexiones: la primera felicitar, como decía José Luis, a la Corporación por celebrar este 200 aniversario. Es verdad que las diputaciones son un gran desconocido; pese a llevar 200 años entre nosotros, son un gran desconocido para la mayor parte de la población y, a pesar de ser una diputación, como decía Salvador, siempre la de Coruña pionera y siempre estando entre las mejores de toda España, que efectivamente así es, pues muchas veces te encuentras con que la gente no lo conoce lo suficiente, y creo que este tipo de actos, este tipo de recordatorios, este tipo de aniversarios intentan poner en valor lo que es esta institución y lo que significa. Una institución a la que me sumo, por supuesto, que hemos llegado hasta aquí primero por la gente que forma parte de esta institución y está siempre, aunque los presidentes pasemos, hay un cuerpo de funcionarios que siempre es entregado y que siempre ha hecho que la Diputación sea una referencia entre todas las demás.

Y, en segundo lugar, yo quería establecer otra reflexión, y es que es importante que la Diputación permanezca, perdure, pero sobre todo es importante no por el hecho en sí de perdurar, sino por seguir siendo útiles a los ayuntamientos, sobre todo a los pequeños ayuntamientos y, en consecuencia, a la gente que vive en esos pequeños ayuntamientos. El sentido de permanencia debe ser siempre el sentido de utilidad. Cuando estamos en política debemos de pensar siempre que venimos a intentar ayudar a nuestros vecinos y a intentar ser útiles, llegar a aquellos sitios donde no llegan otros. Y en ese sentido además ahora vivimos en unos tiempos donde las cosas cambian muy rápidamente, donde estamos saliendo de una pandemia que nos puso encima de la mesa unas necesidades que nunca nadie se había planteado hasta ese momento; estamos viviendo ciclos que van muchísimo más rápido de lo que iban hace 200 años, efectivamente, y la Diputación debe ser lo suficientemente flexible para seguir atendiendo, como hizo hasta ahora, todas esas nuevas necesidades y seguir siendo útil, que es la mejor garantía para poder estar dentro de otros 100 años otras personas. Yo, aunque haya algún presidente que ha estado en dos siglos, creo que en el próximo aniversario de 100 años no vamos a estar ninguno, no me lo toméis a mal, pero sí que estarán otros y recordarán que esta institución ha sido una referencia durante estos 200 años, y esperemos que siga siendo durante muchos años más.

Muchas gracias.

(Aplausos)

Deputación Provincial da Coruña

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sr. Calvo.

Como é un Pleno, aínda que sexa extraordinario, moi extraordinario, pois imos pasarlle a palabra aos distintos portavoces, empezando por o Sr. García Seoane, de Alternativa dos Veciños.

Sr. García Seoane

Señor presidente, eu non esperaba menos de vostede, de que me dera a palabra nun acto importante. Señores expresidentes, autoridades presentes todas, compañeiros.

A Constitución do 1812 tivo unha grande importancia para iniciar o proceso de outorgar poderes e dereitos á cidadanía naquel momento asoballada e escravizada durante centos de anos por reis, marqueses, condes e pola Igrexa católica. A grave situación que vivía España co reinado do Borbón francés, Fernando VII, xunto coa ruína do noso país e das colonias polas guerras e batallas nas que se viu inmersa, facilitou provisionalmente o diálogo para que os de sempre non perderan o poder e a riqueza que acumulaban. Temos que lembrar que se definía esta Constitución como “Constitución política de la monarquía española”.

Unha vez expulsadas as tropas invasoras francesas e amainadas as augas revoltas, os caciques opresores, co indecente rei Fernando VII, voltaron a impoñer a ditadura eliminando as liberdades e dereitos que nunca quixeran para a cidadanía. Durante máis dun século tivemos que sobrevivir a unha casta borbónica que en cada etapa en que os españois e as españolas manifestaban o seu cabreo cos *reyezuelos* que desangraban a nación e as arcas públicas, abríanse a engaiolar as masas e os seus representantes con falsas promesas e cartas magnas baleiras de contido pero útiles para o engano temporal. Ver as cartas de 1845, 1869, 1876, 1931, a da República, e 1978, a da democracia actual.

Permítanme neste caso un breve inciso para un pequeno conto institucional: “Érase unha vez unha señora que vivía moi ben e tiña dúas mascotas: un loro e un gato. A señora tiña predilección polo loro e o gato celábase. Un día a señora foise de compras e o gato artellou un plan para desfacerse do loro, papándoo. Entón díxolle ao loro que saíra da gaiola, que non tivera medo porque había unha constitución que prohibía que os animais se fixeran dano ou se comeran entre si. Púxose a ler un artigo da Constitución pero o loro non picou. Nisto aparece un raposo na finca que quería comer o gato, e o gato corría escapando mentres o loro lle repetía: “gatiño, gatiño, llelle a Constitución, llelle a Constitución”. Mentres existan reis quedará moito camiño que andar para acadar a soberanía total dos pobos, quedará moito para chegar a ter unha democracia plena baseada nos parlamentos e non nos poderes que lapidan a vontade popular saída das urnas. Eu son un dos moitos ou dos poucos que neste país sufrín bastante esas políticas.

A Inquisición foi abolida, pero dous séculos despois o Estado e o poder seguen nas mans duns poucos que, agazapados nun dos poderes que sempre se reservan, interpretan coa súa ideoloxía o xeito de aplicación das leis que rexen o país. Queda moito por loitar.

Deputación Provincial da Coruña

(Aplausos)

Sr. Presidente

Grazas, Sr. García Seoane. Ten a palabra o portavoz de Marea Atlántica, Sr. Lema Suárez.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente, expresidentes, autoridades, compañeiros.

Debo confesar que como coruñés e como galego teño unha relación contradictoria coas deputacións, incluída esta na que hoxe nos reunimos para celebrar o seu segundo centenario. Por unha parte, síntome orgulloso de representar nesta institución a parte dos veciños da cidade da Coruña, pois a miña cidade foi, xunto con Cádiz, o cerne do movemento liberal e ilustrado que deu lugar durante o Trienio Liberal ao nacemento das deputacións, así como outras iniciativas, como a desamortización de Mendizábal, que procuraba tornar produtivas as inmensas propiedades en man morta da Igrexa, símbolos todos daquelas ideas importadas de Francia durante a década anterior que atoparan forma xurídica na Constitución de Cádiz e que resultaban revolucionarias onte e aínda hoxe, como son o da igualdade radical de dereitos entre os homes e a defensa acérrima da súa liberdade individual.

Porlier, Juana de Vega e mesmo Riego atoparon unha segunda residencia na nosa cidade da Coruña. Xunto con eles, outros ideólogos e defensores da primeira hora da Ilustración foron nativos da Coruña; refírome ao xornalista Manuel Pardo de Andrade, veciño de Oleiros, denunciante dos abusos da Inquisición e, sobre todo, a Xosé Cornide, un dos primeiros defensores da dignidade da nosa lingua e do coñecemento científico da realidade, afastada sempre das cadeas ideolóxicas do Antigo Réxime.

As deputacións son, pois, un sinal daquel abrente de esperanza que foi o Trienio Liberal, logo da restauración absolutista que nos impuxera de novo as cadeas do absolutismo da man de Fernando VII. Un abrente de esperanza que sería brutalmente coutado, como sabemos todos, polos 100.000 fillos de San Luís.

Como galego, porén, non podo deixar de lembrar tamén que as deputacións, como precedentes que son da división provincial do Estado, suporían o final simbólico nos documentos administrativos estatais do Reino de Galicia, que era o nome que aínda recibía o noso país na Administración española ata o ano de 1833. O novo mapa provincial ademais esborrallaba o precedente das sete provincias, menos simétrico, menos francés, pero máis coherente coas divisións xeográficas e humanas do noso país. Aínda así, cómpre lembrar tamén que, a pesar de que o novo mapa provincial borraba o nome e as fronteiras do precedente Reino de Galicia, sobre a nova división administrativa agromou o primeiro movemento político que reclamaba Galicia como suxeito. Estamos a falar dos provincialistas, de Antolín Faraldo, os primeiros en erguerse contra o centralismo borbónico na altura de abril de 1846. Cómpre lembrar tamén, finalmente, que un secretario ilustre desta casa, Domingo Fontán, foi quen primeiro debuxou coa máxima precisión posible o rostro da nosa patria, Galicia.

Deixemos agora a historia desta institución, que con pequenos cambios subsistiu deica hoxe sobrevivindo aos últimos 200 anos de tumultuosa historia española, o que non é pouco sobrevivir. E, se o fixo, tamén é necesario dicilo, foi porque a concepción centralista do Estado, imposta polos xacobinos no abrente do século XIX lle resultou despois tamén funcional por razóns moi diversas e mesmo contraditorias aos intereses de quen o sucedeu no Goberno central. Así, as administracións locais, as deputacións fóronlles útiles ao Estado como contrapeso ás identidades nacionais sobre as que se asentaban, agás no caso vasco, onde si foron capaces de dotalas do seu máximo sentido e valor político e administrativo, transformándoas en deputacións forais, herdeiras directas, por tanto, do seu antigo dereito foral, outorgándolles as maiores competencias posibles, como a fiscal, así como de plena lexitimidade histórica e democrática. No caso galego e catalán, as outras dúas nacionalidades históricas que recoñece o texto constitucional, única referencia por certo nel á legalidade republicana precedente onde foron aprobados os seus respectivos estatutos, as deputacións foron sempre vistas con sospeita, como un traxe imposto desde fóra e un xeito de dividir a entidade política superior, é dicir, a nación.

Penso eu, no entanto, que o caso vasco amosa que é posible outra concepción das deputacións que as tornen algo máis que nun cemiterio de elefantes políticos ou nunha instancia intermedia para o reparto máis ou menos obxectivo e equitativo dos seus fondos, aspecto este no que a Deputación da Coruña, debo recoñecelo, segue desde hai tempo, desde o meu punto de vista, unha política exemplar e anticaciquil.

As deputacións provinciais poden ser tamén o símbolo máximo daquilo que expresamos decote baixo o título de autonomía local, e que parte da convicción de que desde a proximidade é como mellor podemos gobernarnos, unha tese política afín, pois, ao autogoberno. Desgraciadamente, a Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, máis coñecida como lei Montoro, vai xusto en dirección contraria á da autonomía local, privando as entidades locais, como as deputacións e os concellos, da facultade de decidir por elas mesmas o mellor destino para os seus recursos, impóndolles os grillóns dun teito de gasto completamente inxusto se temos en conta que o nivel local foi o menos responsable da situación de semibancarrota que atinxía a facenda española en 2012.

Dez anos despois o ferrollo da lei Montoro segue vixente; as administracións locais do Estado seguen estando tuteladas de xeito inxusto, a pesar da súa maior solvencia seguen sendo incapaces en tempos de crise económica prolongada, como a que vivimos, de poñer recursos públicos dos que dispoñen ao servizo da cidadanía á que representan. Defendemos, pois, como nacionalistas e como municipalistas, o principio de autonomía local e de autogoberno, unha liña de actuación contraria á imposta desde a Administración central e reclamamos un maior autogoberno para os nosos concellos e deputacións, unha institución que 200 anos despois do seu nacemento segue cumprindo un labor esencial no que atinxe ao equilibrio territorial e ao mantemento de determinados servizos públicos, sobre todo os sociais, nun país como o noso disperso e envellecido. O proceso de urbanización, o cambio climático, o ciclo da auga e a atención aos nosos maiores e persoas dependentes, son algúns dos retos estratéxicos que esta institución debe atender no medio prazo. Son desafíos para os que non abonda co reparto mecánico, aínda que xusto, de fondos entre os

concellos, como é o caso, senón que exigen unha mirada estratéxica e unha concepción da provincia como verdadeira unidade política.

E para este obxectivo pode contar vostede sempre, señor presidente, co apoio do noso grupo político.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Lema. Ten a palabra o Sr. Ben Otero, o portavoz do Partido Popular.

Sr. Ben Otero

Muchas grazas, presidente Formoso, presidente Marfany, presidente Romay, presidente Moreda, presidente Lendoiro, presidente Torres, presidente Calvo.

Todos nosotros somos conscientes del tremendo impacto que la Diputación ha tenido en la transformación de nuestra provincia. El trabajo de los distintos presidentes, junto con sus equipos y el magnífico grupo de funcionarios que conforman esta institución, han sido claves para ello. Yo entiendo que hoy debemos reafirmarnos en el compromiso de que no puede quedar un solo municipio independientemente de su población o sus recursos económicos sin un catálogo de servicios a la altura de los tiempos que nos tocan vivir. Este creo que es un compromiso que debemos adoptar todos, independientemente del color político o de quien dirija la institución. Creo que en eso hemos trabajado todos, desde distintas ópticas en algunas ocasiones, pero eso debe ser el gran compromiso que tengamos todos de ahora en adelante para que todos los ciudadanos de la provincia de La Coruña tengan unas condiciones de igualdad para disfrutar de los servicios y desde aquí estoy convencido de que entre todos podemos dárselos.

Nada más y muchas gracias.

(Aplausos)

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Ben. Sra. Muíño Filgueira, portavoz do BNG.

Sra. Muíño Filgueira

Ola, moi bo día autoridades, presidente, expresidentes, deputados, deputadas.

Hoxe este Pleno extraordinario celébrase ao fío dunha data da que hai hoxe 200 anos, e resulta inevitable polo tanto facer referencia a tanto que teñen mudado as cousas nestes dous séculos. Pouco ou nada se parece o noso mundo a aquel, e de xeito inevitable teño que facer mención á consideración dunha necesaria reflexión sobre unha estrutura de Administración que precisa de revisión para axustarse ás necesidades e á realidade da sociedade do século XXI. Con todo, nun acto como o de hoxe considero que merecen sobre todo un recoñecemento como principal activo de

Deputación Provincial da Coruña

transformación e modernización as persoas, todas e cada unha, que ao longo dos anos, desde as súas diferentes facetas, contribuíron á transformación e modernización da Deputación. Polo tanto, aínda cando como grupo consideramos necesario o debate que favoreza a transformación dos niveis da Administración cara a unha estrutura máis eficiente, que fuxa de duplicidades, non podemos deixar de dicir tampouco que todas e cada unha das persoas que nos precederon, desde Ánxel Casal, que pagou coa súa vida, ata todos e cada unha dos deputados do BNG co seu labor contribuíron lealmente cara ao avance en colaboración e en consenso co resto de deputados e deputadas desta Deputación provincial, conseguindo así avanzar cara a modelos baseados na transparencia, na equidade e na procura da cohesión territorial á que tanto se fixo mención nos discursos.

Un exemplo, polo tanto, de transformación que contribúe debidamente mediante potentes programas de financiamento e colaboración con todos os concellos da provincia á democratización da cultura, ao fortalecemento e modernización dos servizos sociais, á autonomía local ou á expansión das políticas de igualdade entre moitas outras accións. Procesos de cambio e adaptación que se fixeron aínda máis relevantes e necesarios neste último mandato, froito das necesidades, efectivamente inesperadas, derivadas do impacto da pandemia pola Covid e tamén das consecuencias da guerra de Ucraína.

A Deputación da Coruña estivo á altura adaptando a súa acción ás necesidades da realidade social, actuando con flexibilidade e sensibilidade, procurando as respostas acaídas coa urxencia que requiren estes momentos, unha maneira de actuar que non sería posible, efectivamente, grazas ao entendemento e consenso de todas as persoas que participamos nesta institución dende a parte política pero tamén e, sobre todo, ao contar coa profesionalidade e incuestionable vontade de servizo público por parte de todas e cada unha das persoas profesionais desta casa, ás que nun día coma hoxe hai que facer necesaria mención e merecido recoñecemento.

Un proceso de transformación que non se debe deter, que progresivamente vai incorporando fitos e exemplos necesarios tamén para o avance do conxunto da sociedade. E como única muller que me toca intervir hoxe non o podo evitar, quero destacar a necesaria presenza de todas e cada unha das deputadas que participan neste Pleno, nesta Corporación, e todas e cada unha das que nos precederon, e expresar o desexo de que a presenza das mulleres avance ata acadar cotas reais de paridade. Que continuemos avanzando na visibilidade e representación das mulleres en todos os ámbitos, que cheguemos a contar con algunha vicepresidenta máis, alén de Goretti Sanmartín, que se sumen moitas outras por suposto. Tamén na carreira profesional, que ao recente fito que supuxo o nomeamento da primeira secretaria xeral na historia da Deputación, Amparo Taboada, se lle vaian sumando outras mulleres no avance da súa carreira profesional e na súa visibilidade dentro da Administración. E, por último, agardar que sexa cedo cando nos discursos de expresidentes e presidentes poidamos escoitar tamén unha voz feminina.

Moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sra. Muíño.

Muchas gracias. Me toca a mí clausurar el acto y también en nombre de mi grupo, simplemente sintetizando lo que acabo de escuchar. Yo creo que de los expresidentes hemos escuchado respeto por la institución, cariño por la institución, conocimiento de la historia de la institución y, en cualquier caso, después de muchos años de existencia y después de un nuevo escenario de pluralidad política en esta Cámara, como acabamos de comprobar con distintas opiniones, lo cierto es que se preserva un poco lo que decía José Manuel Romay Beccaría, se preserva el espíritu de consenso y de responsabilidad por las decisiones que aquí se toman, que tienen miles de beneficiarios y beneficiarias, que tienen 93 usuarios que dependen en muy buena medida en cuanto a su capacidad inversora, en cuanto a su capacidad de supervivencia, de lo que aquí decidimos los diputados y diputadas de esta Cámara, casi siempre, como decía antes Fernández Moreda, por unanimidad al 90 y tantos por ciento, que fue la primera cifra que me enseñó Diego Calvo cuando me cedió el testigo: fíjate la unanimidad que te vas a encontrar aquí. Y yo quiero agradecer, en nombre de la historia de esta institución pero sobre todo en nombre de aquellos y aquellas que son los beneficiarios de las decisiones que aquí tomamos, ese espíritu de consenso que ofrecía ahora Alberto Lema a pesar de su reflexión previa.

Simplemente decir que, si Antonio Loriga levanta la cabeza y hace una visión global de lo que hoy es esta institución, no se parece en mucha medida a la institución que él vio nacer. Yo creo que preserva las tradiciones de esta casa, históricas, es cierto, las preserva, pero aquella Diputación de la beneficencia, de la extensión del alumbrado, del mantenimiento de caminos ha dado paso, después de la labor de todas las presidencias y de las corporaciones, con el soporte de los trabajadores y trabajadoras, a una Diputación que hoy presta sus servicios *online*, que gestiona tributariamente prácticamente el 99% de las finanzas de los distintos ayuntamientos, que es capaz de teleasistir a casi 3.000 personas mayores de 65 años desde sus domicilios, que extiende su red de espacios de *coworking* en cada una de las localidades de la provincia, que es capaz de aunar el espíritu emprendedor de la provincia para que no tenga ese talento que emigrar fuera de Galicia, y que en cualquier caso somos conscientes de que esta Diputación es el motor económico, cultural y social de este país que se llama Galicia, que asume ese reto además con humildad, con responsabilidad, y que se debe todo ello a la labor de todos y todas las que lleváis haciendo esta labor durante, en este caso dos siglos.

Yo soy más optimista de lo que es Salvador Fernández Moreda, y sobre todo de lo que era Diego Calvo, yo creo que no hay por qué renunciar a estar otro siglo más aquí celebrando esto. Yo en esta casa, que asumimos el reto de dar soporte a la ciencia de la provincia y a los centros investigadores de la provincia, tenemos arriba al rector y yo creo que es capaz de asumir el reto de tenernos aquí vivos dentro de un siglo. Con lo cual, muchas gracias a todos y a todas, de verdad, por acompañarnos en este día histórico, muchas gracias.

(Aplausos)

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia levanta a sesión ás 13:00 horas.